

PLAN PASTORAL DESDE LA DELEGACIÓN DE PASTORAL RURAL

Presentación:

A través deste plan pastoral da delegación de pastoral rural queremos contribuír ao plan xeral da diocese coas nosas achegas propias, que parten tamén da nosa propia realidade humana e relixiosa.

O ton deste plan quere ser moi humilde na forma e no fondo, para que calquera persoa das nosas parroquias ou comunidades o poida ler e comprender.

Tamén quere ser un plan que non pretenda moitas cousas. Como unha concreción dunha das *Actitudes* propostas no Plan Pastoral Diocesano (en diante PPD), a da *Procesualidade*, queremos ter claro cara a onde queremos ir e ir dando pasiños que nos leven a esa meta pouco a pouco, con fe, con confianza en Deus e na xente, con paciencia, con alegría e esperanza, aínda que haxa cousas que nos poidan desanimar.

PROPOSTAS:

1. Poñer a vista, o oído, o corazón na xente das nosas parroquias

(Con esta proposta queremos facer un exercicio básico da primeira *Actitude* do PPD, *Sinodalidade*. Esta proposta tamén axudará a traballar a *Prioridade 1* do PPD: *Crear comunidades vivas e significativas*.)

Estar ao tanto do que nos pasa na saúde, nas explotacións gandeiras, nas asociacións parroquiais, nas actividades culturais, na xente maior soa, nas persoas que atravesen situacións complicadas por calquera razón, nos conflitos posibles, nas persoas desamparadas...

Estar ao tanto, coñecer, escoitar, visitar, comprender, acoller, acompañar, alentar. Que se vexa a “igreja” como que sempre está aí en plan positivo, colaborador.

Accións:

- a) Entrar en contacto con persoas, Asociacións de veciños, Comunidades de Montes etc., que nos poidan axudar a coñecer e comprender o que pasa nos diferentes campos da nosa realidade.
- b) Estar ao tanto do que compartan diferentes actores sociais, sobre todo sindicatos agrarios e Cáritas, para poder valorar ben o que nos pasa.
- c) Dar os pasos necesarios para detectar, coñecer situacións de maior fragilidade en persoas e familias, para ver como acompañar.
- d) Integrar esas realidades no traballo pastoral, incluso nos momentos de culto, valorando, agradecendo, demandando colaboración etc.

e) Colaborar con iniciativas alleas á Igrexa e abrir iniciativas propias a xente de fóra.

2.-Coidar moito as nosas Misas, Celebracións e encontros de oración

(Con esta proposta pretendemos traballar a *Prioridade 2* do PPD: *Coidar a experiencia de fe, a nivel persoal e comunitario*, e tamén a *Liña de acción 1: Primeiro anuncio*.)

Só unha pequena parte dos veciños/as participa nas Misas ou Celebracións dos domingos. A infancia e a mocidade non acoden. En cambio a asistencia a velorios e funerais é moi grande.

Vemos necesario coidar moito todos os nosos momentos relixiosos.

Unhas celebracións do domingo sinxelas, acolledoras, abertas á vida real da xente, non pesadas nin de rutina, nas que busquemos deixarnos tocar pola luz e a forza da presenza de Xesús en Corpo e Palabra, acabarán converténdose en momento significativo para a veciñanza, vaian moito ou pouco.

Os velorios e funerais poden ser unha humilde escola de oración e de vida se están atentos á vida que se pecha e se celebra, e atentos á promesa de Deus; se están feitos desde a proximidade, desde o afecto, desde a fe, desde a gratuidade, coas palabras normais de cada día.

Con estes mesmos criterios deberíanse coidar moito as celebracións das festas patronais e dos santuarios, lugares moi frecuentados pola xente de aldea.

E ir traballando a idea de desprazarse a outras parroquias polo menos para certas celebracións fortes, como xa o estamos facendo cando se trata de funerais.

Accións:

- a) Preparar ben todo momento de culto, evitando rutinas, buscando unha linguaxe viva, clara, comprensible, sendo moi acolledores.
- b) Á hora de preparar eses momentos, facer un esforzo por unir a vida concreta da xente co que celebramos, nas oracións, nas preces, na explicación das lecturas etc.
- c) Sobre todo nas celebracións con moita xente que habitualmente non asiste ao culto, poñelo todo en clave "primeiro anuncio" (o fundamental da experiencia cristiá). Coidar moito a palabra relixiosa que pronunciamos.
- d) Ser persoa creativa á hora de buscar signos, xestos, pequenos detalles que lle dean vida e fermosura ao que celebramos.
- e) Esforzarse por saber xuntar fondura con brevidade.

3.-Atención especial á infancia e á mocidade.

(Con esta proposta intentamos responder á *Prioridade 3* do PPD: *Atender especialmente á xuventude, aos matrimonios e ás familias. E tamén á Liña de acción 3: Procesos formativos.*)

Infancia e mocidade son os grandes ausentes da vida relixiosa das parroquias, agás nos momentos puntuais da Primeira Comuñón e Confirmación.

A catequese de Primeira Comuñón e de Confirmación non está sendo efectiva. En xeral non se sabe que facer, como xuntar o dar facilidades coa esixencia, razoar ben o sentido deses procesos...

Pensamos que é necesario buscar outros modelos catequéticos máis orientados á experiencia que á doutrina, ... Mesmo nos parece que o funcionamento actual non ten futuro, de feito van sendo moitos os nenos/as e mozos/as (e familias) que non se apuntan a estes procesos.

É un problema diocesano (e do conxunto da Igrexa), ao que lle hai que buscar resposta global.

Accións:

- a) Organizar o mellor que poidamos e saibamos, co apoio de xente tamén nova, os grupos de catequese infantil e de mocidade. Darlle importancia.
- b) Proponemos que se organice un encontro diocesano de axentes de pastoral, para abordar que facer con este problema
- c) Desde a Delegación de infancia e mocidade poderíase organizar un par de encontros de infancia e mocidade a nivel comarcal ou diocesano, para dar vida aos grupíños que poida haber nas parroquias.
- d) Traballar moito nestas idades ao estilo D. Bosco, ao estilo *Iunior* ..., e desde aí ir conectando coa persoa e práctica de Xesús.
- e) Traballar moito experiencias humildes de iniciación á oración.
- f) Compartir coa comunidade parroquial o que se vai facendo. Que vaian vendo que é responsabilidade de todos.
- g) Por algunha razón que veña ao caso, facer un encontro/celebración ao ano para a xente de todas as parroquias da Unidade Pastoral, para ir dando pasos cara á agrupación.

4.-Promover a práctica de colaboración parroquial

(Con esta proposta tentamos traballar a *Prioridade 1* do PPD: *Crear comunidades vivas e significativas, e tamén a liña de acción 4: Presenza misioneira.*)

Insistir na comunidade na necesidade dun modelo de parroquia baseado na participación comunitaria. Ir motivando, animando. Conversas en público, conversas particulares.

Ir descubriendo e potenciando habilidades, servizos para a comunidade: catequese, evanxelización, economía, limpeza, festas, coidado de edificios, liturxia, ornamentación... Entre a xente que se vaia apuntando constituír o Equipo Parroquial da UPA.

Ir pensando nunha especie de “escola de animadores parroquiais”, que funcionaría a nivel UPA ou comarcal nun primeiro nivel, ou diocesano nun segundo nivel.

Accións:

- a) Poñerse como obxectivo que cada ano polo menos unha persoa de cada parroquia se incorpore ao que poderíamos chamar "equipo parroquial", como grupo de formación para e desde a acción.
- b) Coa xente que se vaia apuntando constituír o Equipo Parroquial da UPA.
- c) Deseñar un plan de formación básica para este "equipo parroquial", a nivel de relacións humanas, de experiencia relixiosa e de integración comunitaria.
- d) Deseñar un plan de funcionamento deste equipo, ver como cada persoa deste equipo e o equipo no seu conxunto pode ir asumindo responsabilidades na marcha dos asuntos da comunidade parroquial.

Calendario

- * No mes de outubro ofrecer este plan ao conxunto da diocese.
- * Ofrecernos desde esta delegación para ir a onde nos chamen a falar destes temas, a axudar no que se nos pida relacionado con isto.
- * A partir de novembro retomar no Valadouro a preparación da celebración do S. Cidre por UPAs ou comarcas, cousa que quedou truncada no 2020 polo Coronavirus.
- * Organizar a celebración do Día do Mundo da Aldea, S. Cidre, para o 15 de maio (como é luns, celebralo o 14 domingo?) nunha parroquia do Valadouro, concentrando nese lugar as Misas desa UPA. Gustaríanos que o bispo diocesano, o irmán Fernando, presidise esta celebración.
- * Co tempo suficiente elaborar e pasar a todas as UPAs ou parroquias o material necesario para a celebración do Día do Mundo da Aldea, 15 de maio.
- * Invitar a que en todas as UPAs se celebre como se merece este Día do Mundo da Aldea, co lema que se propoña desde esta Delegación contando coa colaboración de cantos máis mellor.